Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 5 DE NOVEMBRO DE 2026 | JUEVES, 5 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 212

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS

Persoal

Exposición pública da aprobación inicial do Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións do Concello das Pontes de García Rodríguez

Anuncio da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos do trámite de exposición pública da aprobación inicial do "Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións do Concello de As Pontes de García Rodríguez".

O concello de As Pontes de García Rodríguez resultou beneficiario de subvención ao abeiro da Orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de axudas para financiar a elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental municipais, publicada o 3 de maio de 2016, sendo redactado o Plan de Actuación Municipal ante o risco de inundacións coa finalidade de conseguir a máxima protección para as persoas, os bens e o medio ambiente que poidan resultar afectados polas consecuencias das inundacións, establecendo unha estrutura xerárquica e funcional dos medios e recursos dispoñibles, que permita facer fronte ás situacións de risco ou emerxencia grave.

Mediante comunicación asinada o 24.04.2017 polo subdirector xeral de planificación e Protección Civil indicouse que o plan debe ser homologado pola Comisión Galega de Protección Civil e posteriormente aprobado polo Pleno do Concello, para o que se solicitou a remisión do Plan en formato dixital, requirimento que foi cumprimentado mediante oficio de 04.05.2017 presentado no rexistro da Xunta en data 10.05.2017.

Mediante comunicación asinada en data 15.06.2017 polo subdirector xeral de planificación e Protección Civil deuse traslado do 1º informe sobre os documentos presentados para a homologación do plan, a efecto de que se procedera a realizar as correccións que se indicaban.

En data 18.06.2025 emítese pola secretaria da Comisión Técnica Permanente da Comisión Galega de Protección Civil certificado acreditativo de que en data 17.06.2025 reuniuse a Comisión Técnica Permanente para a homologación do "Plan de actuación municipal fronte ao risco de inundacións do Concello de As Pontes de García Rodríguez" resultando aprobada dita homologación por unanimidade da Comisión.

Mediante Providencia de data 07.09.2026 ordenase a continuación da tramitación administrativa para a aprobación do referido Plan, dispoñendo a conservación de todos aqueles documentos e trámites que constan incorporados ao expediente que pola súa natureza, contido o calquera outra circunstancia non sexan susceptibles de alteración substancial para os efectos que os fundamentan.

Visto o informe de Secretaría emitido en data 07.09.2026.

En data 15.09.2026, o Concello-Pleno aproba inicialmente o Plan de Actuación Municipal ante o risco de inundacións segundo consta no expediente 2017/X999/001101, o cal se exporá ao público, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de vinte días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións.

O Plan estará a disposición dos interesados, debido a súa extensión, en consulta presencial do referido expediente 2017/X999/001101 no **Servizo de Urbanismo do concello de As Pontes sito na Avenida de Castelao nº 36, segundo andar, no horario de 8:00 a 15:00 horas.**

As Pontes, 30 de outubro de 2026.

Manuel Rodríguez López, concelleiro-delegado da Área de Planificación Urbana, Medio Ambiente e Novos Proxectos.

2026/7133

Número de anuncio 2026/7133